

boletín do ceesg

setembro



Nº 41 | Setembro de 2010 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



**ceesg**  
colexio de educadoras e  
educadores sociais de galicia

Rúa Lisboa, 20 – baixo  
15707 Santiago de Compostela  
A Coruña

T 981 552 206 | F 981938274  
ceesg@ceesg.org  
www.ceesg.org

## Próximas eleccións da Xunta de Goberno do Ceesg

Estimadas/os colexiadas e colexiados do Ceesg:

O vindeiro ano 2011 é ano de eleccións no Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. No primeiro trimestre do ano celebraranse as eleccións para a renovación total dos órganos da Xunta de Goberno do Ceesg.

Desexamos animar a todos/as os/as colexiados/as a participar neste proceso electoral. Unha vez que se abra a convocatoria de eleccións, animamos a presentar as vosas candidaturas para a elección dos membros da Xunta de Goberno do noso Colexio.

A participación de todos é síntoma dunha vida colexial sa e forte. Entre todos/as debemos traballar por mellorar a nosa profesión, e un dos xeitos de conseguilo é participando nos órganos colexiais, asumindo a responsabilidade de velar polos intereses e reclamar os dereitos da Educación Social.

A actual Xunta de Goberno ponse á vosa disposición para aclarar cantos puntos estimesdes oportunos do proceso de eleccións e así facilitar a vosa participación.

Agardamos a implicación de todos, ben cunha candidatura, ben coa vosa asistencia e votación na Asamblea Xeral onde se decidirá a nova xunta directiva do noso colexio.

Coa intención de que a celebración de eleccións en 2011 sexa o máis participativa e democrática posible, queremos resumir brevemente en qué consistirá a celebración de eleccións. ¡Animádevos a participar!

### RESUMO DO PROCESO ELECTORAL 2011

#### I. Convocatoria de eleccións. Datos relevantes:

- 75 días antes da celebración da Asemblea Xeral do Ceesg, realizarase a convocatoria de eleccións, a fixación do censo electoral e a publicación do calendario electoral.
- 25 días antes da Asemblea Xeral, a Xunta de Goberno proclamará as candidaturas validamente presentadas.
- No prazo de 3 días hábiles dende a presentación oficial de candidaturas, calquera colexiada/o poderá presentar unha reclamación, que será resolta noutros tres días hábiles pola Xunta Permanente.
- Despois, o día da Asemblea Xeral do Ceesg, procederase á votación e elección da nova Xunta de goberno do Ceesg.

II. **Quén pode presentarse?** Calquera persoa colexiada que estea en pleno uso dos seus dereitos o día anterior á convocatoria oficial das eleccións, excep-

to para os cargos de Presidencia e Tesourería, onde se esixe, como mínimo, un ano de colexiación.

III. **Cómo se conforma unha candidatura?** As candidaturas serán completas e constarán dunha lista cos nomes das persoas candidatas especificando aquelas que opten á Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesourería, máis un mínimo de 5 e un máximo de 15 vogais, segundo modelo que se facilitará pola actual Xunta de Goberno. Constituirán candidaturas válidas as presentadas no prazo que se fixe na convocatoria de eleccións a través dun escrito dirixido á Xunta de Goberno. As/Os vogais deben reflectir a pluralidade das seccións profesionais que formen o colexio.

IV. **Como se conforma a mesa electoral?** A mesa electoral estará constituída por unha/un presidenta/e, dúas/dous vogais e unha/un secretaria/o, designados por sorteo público entre as electoras e electores; non podendo formar parte da mesa electoral as persoas que sexan candidatas. Cada candidatura poderá designar un/ha interventor/a. Toda/o colexiada/o en pleno uso dos seus dereitos o día anterior á Convocatoria de Eleccións figurará no Censo Electoral e, polo tanto, poderá resultar elixido membro da Mesa Electoral, ou suplente, en sorteo público que se efectuará na sede do Ceesg.

V. **Quén pode votar?** Calquera colexiada/o que estea en pleno uso dos seus dereitos o día anterior á convocatoria oficial das eleccións. As Listas do Censo Electoral de colexiadas/os electores válidos publicarase na web e na sede do Ceesg.

VI. **Podo votar por correo?** Si, na convocatoria de eleccións indícarase o calendario, a forma e os requisitos para poder emitir o voto por correo.

VII. **Que pasa se só hai unha candidatura?** No caso de que só haxa unha candidatura, esta será sometida a votación o día e hora fixados. Nela estableceranse as opcións de voto favorable, desfavorable ou en branco. De ser os votos negativos maiores que os positivos, volverase abrir o prazo de presentación de candidaturas e, transcorrido este, se non existisen máis candidaturas, será proclamada a primeira.

Podedes consultar información máis detallada nos estatutos do colexio, Capítulo IV (dispoñibles na páxina web)

A Presidenta do Ceesg  
M<sup>a</sup> José Fernández Barreiro

## ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Inclusión do CGCEES no portal [www.eugo.es](http://www.eugo.es) dende o día 9 de agosto de 2010.
- Cartas á Consellería de Xustiza e Consellería de Traballo e Benestar solicitando información acerca do estado dos servizos de mediación intraxudicial e mediación familiar, das súas previsións e da posible participación de educadores/as sociais no servizo de mediación intraxudicial.
- Escrito ao Ayuntamiento de Sarria, en relación ás bases para o acceso á praza de Animador/a sociocultural publicadas no BOP de Lugo de 31 de xullo de 2010, indicando que o perfil idóneo para a cobertura desta praza é a de educador/a social.
- Escrito ao Ayuntamiento de Fornelos de Montes en relación ás bases de convocatoria da praza de Educador/a Social publicadas no BOP de Pontevedra do 28 de xullo. Infórmase de que deben ser admitidas tamén as persoas habilitadas polo Ceesg como educadoras/es sociais.
- Escrito ao Ayuntamiento de Redondela en relación ás bases da praza de Técnico/a Orientación laboral, publicadas no BOP de Pontevedra do 24 de xuño de 2010, solicitando que admitan tamén a educadores/as sociais, debido a que responde perfectamente ao perfil profesional requirido. No BOP de Pontevedra de 23 de agosto o concello publica unha rectificación de erros pola que admiten a educadores/as sociais.
- Reunión da Xunta de Goberno do Ceesg o día 3 de setembro.
- Escrito ao Inludes (Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico y Social) ofrecéndonos en relación á convocatoria de procedementos selectivos para a contratación de persoal para a posta en marcha dun “programa innovador de mellora do emprego”, para ofrecernos para formar parte do tribunal de selección das prazas “Técnico/a coordinador/a programas de dinamización social” e “Axentes dinamizadores Benestar social”, dada a estreita relación do contido destes postos de traballo coa profesión de Educación Social.
- Asistencia ao Pleno e á Asemblea Xeral Ordinaria de Unión Profesional de Galicia, que tivo lugar o día 10 de setembro en Santiago de Compostela.
- Escrito ao Ayuntamiento de A Coruña en relación á convocatoria dos procedementos selectivos para a contratación dun/ha Técnico/a de Apoio Social (publicada no BOP do 5 de agosto) ofrecéndonos, nesta ou noutras convocatorias similares, para formar parte do tribunal de selección.
- Organización e desenvolvemento da charla informativa: *De Diplomatura a Título de Grado. Implicacións da reforma universitaria*, a cargo de Bernat Quetglas, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 17 de setembro.
- Entrevista coa consultora PriceWaterHouseCoopers, que é a encargada de redefinir a carteira de servizos sociais de atención a persoas con dependencia en Galicia por encargo da Consellería de Traballo e Benestar, e se encontra actualmente nunha fase de entrevistas con algúns axentes do sector. Tivo lugar o día 22 de setembro en Santiago de Compostela.

## ARTIGO DE INTERESE: VI Xornada sobre Xerontoloxía e Educación Social

No ano 2002, un grupo de educadoras sociais que traballabamos no ámbito das persoas maiores, con inquietude pola reflexión, o debate e a mellora profesional, decidimos crear no seo do Ceesg o Grupo de Estudos e Intervención Xerontolóxica (GEIX), concibido como un espazo no que ademais poderíamos compartir as nosas experiencias.

Entre os obxectivos do grupo están promover o intercambio de experiencias e recursos, provocar o debate e reflexión sobre a propia práctica profesional e difundir información e coñecementos referidos á intervención socioeducativa con persoas maiores. Xa desde o comezo do funcionamento do grupo, inténtase responder a estes obxectivos, entre outras cousas, a través da organización dunha xornada que se converteu xa nun clásico da oferta formativa do Ceesg.

A piques está de celebrarse a próxima **Xornada sobre Xerontoloxía e Educación Social**, que vai xa pola súa sexta edición. Nesta ocasión a cultura é o eixe vertebrador arredor do cal xirará a xornada, que se celebrará o día 22 de outubro en Ferrol.

A través das diferentes intervencións en forma de conferencias, mesas redondas e de comunicacións, queremos dar pé á reflexión acerca do patrimonio cultural vivo que son as per-

soas maiores e cómo a sociedade permite o desenvolvemento desta función. Preténdese tamén coñecer de primeira man programas e experiencias culturais e socioeducativas que se están a desenvolver ao longo da xeografía galega, e participar no deseño e construción do discurso e das liñas de acción propias da Educación Social no traballo cultural con persoas maiores.

O programa, ficha de inscrición, normas para presentación de comunicacións e normativa das actividades formativas do Ceesg están dispoñibles en [ceesg.org](http://ceesg.org).

Esperamos a asistencia non só de educadoras/es sociais que traballen neste eido, senón tamén doutros profesionais, de estudantes, e de calquera outras persoas interesadas na temática da cultura a través das persoas maiores.

- **Onde:** Ferrol. Sede da Fundación Caixa Galicia (Praza da Constitución, s/n)
- **Cando:** Venres, 22 de outubro de 2010.

**Grupo de Estudos e Intervención  
Xerontolóxica do Ceesg**

## FORMACIÓN CONTINUA

### VI XORNADA SOBRE XERONTOLOXÍA E EDUCACIÓN SOCIAL. Persoas maiores, cultura viva

**Organiza:** Grupo de Estudos e Intervención Xerontolóxica do Ceesg.

**Lugar e datas:** Ferrol. Sede da Fundación Caixa Galicia. 22 de outubro.

**Cotas:**

- Xeral: 40 €
- Persoas colexiadas ou estudantes: 20 €
- Persoas en desemprego: 30 €

**Inscripción e información:** O programa, ficha de inscrición, normas para presentar comunicacións, etc. están dispoñibles en [www.ceesg.org](http://www.ceesg.org)  
[ceesg@ceesg.org](mailto:ceesg@ceesg.org)  
Tlf. 981552206

### II XORNADAS GALEGAS DE PATOLOXÍA DUAL

**Organiza:** Asociación Cadabullo

**Lugar e datas:** Facultade de Humanidades do Campus de Ourense (Universidade de Vigo) 4 e 5 de novembro.

**Cota:** 80 €. Bolsas dun 50% para profesionais en paro e dun 80% para estudantes.

**Inscripcións e información:** Dirixirse á Asociación Cadabullo.

[cadabullo@yahoo.es](mailto:cadabullo@yahoo.es) / tlf. 661 686 151

## NOVAS DOS BOLETÍNS

### EMPREGO

**Concello de Rairiz de Veiga (Ourense):** Bases de varias prazas. Un/ha Axente de emprego e desenvolvemento local. BOP 20/08/10

**Concello de Muxía (A Coruña):** Anuncio das bases xerais e específicas de varios postos. Un/ha Técnico/a de servizos sociais, educación familiar e outros, un/ha Técnico/a de servizo de Atención á Muller e outros, un/ha Encargado/a de actividades culturais. BOP 30/08/10

**Concello de Redondela (Pontevedra):** Oferta de emprego público. Unha praza de Educador/a social. BOP 30/08/10

**Concello de Brión (A Coruña):** Bases xerais reguladoras dos procesos selectivos para a cobertura de prazas de persoal laboral fixo, en procedemento de consolidación de emprego temporal. Un/ha Animador/a cultural BOP 02/09/10

**Concello de Arteixo (A Coruña):** Convocatoria unitaria e bases xerais reguladoras dos procesos de selección de persoal laboral fixo correspondentes ás prazas vacantes pendentes de convocatoria incluídas nas ofertas de emprego público do exercicio 2009 e 2010. Unha praza de Dinamizador/a social. BOP 08/09/10

**Concello de Rairiz de Veiga (Ourense):** Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Un/ha encargado/a da Oficina municipal de información xuvenil e biblioteca, a media xornada. BOE 20/09/10 (Bases en BOP 20/08/10)

**Concello de Sada (A Coruña):** Bases da convocatoria do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/ha Animador/a de tempo libre. BOP 28/09/10

**Organismo autónomo Terra de Sanxenxo (Pontevedra):** Bases Xerais que regulan as convocatorias de diversos procesos selectivos para cubrir postos de traballo. Un/ha Educador/a familiar, tres Profesores/as de educación de adultos, un/ha Auxiliar de información xuvenil, un/ha Técnico/a en cultura, un/ha Técnico/a en educación, un/ha Coordinador/a de ludotecas, dous/dúas ludotecarios/as, tres Animadores/as socioculturais, un/ha Técnico/a de Emprego. BOP 29/09/10

### OUTROS

**Ministerio de Economía e Facenda:** Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio. BOE 06/08/10

**Ministerio de Educación:** Orde pola que se convocan axudas para a matrícula nun Master, destinadas a titulados universitarios en situación laboral de desemprego, para o curso 2010-2011. BOE 01/09/10

**Consellería de Traballo e Benestar:** Orde pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2010. DOG 15/09/10

**Ministerio de Igualdade:** Orde pola que se convocan subvencións para a execución, xestión, apoio e seguimento a proxectos no marco do Programa de Cooperación Internacional «Mulleres e Desenvolvemento». BOE 17/09/10

**Xefatura do Estado:** Lei 35/2010, de 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo. BOE 18/09/10

**Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:** Orde pola que se convocan premios á innovación educativa para profesorado de centros educativos de ensino non universitario sostidos con fondos públicos DOG 21/09/10

**Consellería de Traballo e Benestar:** Orde pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións de apoio e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, correspondentes ao exercicio do ano 2010, en aplicación da Orde TIN/2805/2008, do 26 de setembro, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de accións de apoio e acompañamento á formación, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento. DOG 21/09/10

**Consellería de Sanidade:** Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións en réxime de concorrencia competitiva ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario. DOG 22/09/10

**Consellería de Traballo e Benestar:** Orde pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas para a realización de prácticas nos centros de atención a menores dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. DOG 24/09/10

**Ministerio de Igualdade:** Resolución pola que se convocan subvencións para o fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, destinadas á promoción da creación, produción e difusión artística. BOE 24/09/10